

RETALLOS

XORNAL DO C.E.I.P. "A SOLAINA"

CANDELA

Nº 2-2009

UXÍA

LAURA DÍAZ

LORENA

DANIEL LÓPEZ

LAURA LÓPEZ

SANDRA

ANDREA

LAURA MONTERO

JAVIER

JULIA

MARCOS

JULIO

ANXO

RUBÉN

ENMA

ANTÍA

DANIEL

TEIJEIRO

INÉS

Subvencionado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
Secretaría Xeral de Política Lingüística.

O comentario editorial deste ano decidimos que tratase sobre a alimentación e os nenos, máis en concreto, sobre a importancia de almorzar ben para mellorar o rendemento académico dos escolares.

Segundo diferentes experiencias desenvolvidas en varios lugares e institucións tense comprobado que cando se lles proporciona aos nenos un almorzo equilibrado o seu rendemento académico, as súas notas, mellora nun punto por término medio.

Hai algunha razón para que isto sexa así? O cerebro é o único órgano que, curiosamente, cando durmimos consume máis enerxía que cando estamos espertos, isto fai que cando nos erguemos pola mañá o corpo teña un déficit importante de enerxía que, se non lla aportamos (repoñemos), mal podemos conseguir un rendemento satisfactorio.

Así que nenos, sede boíños e almorzade ben. Polo menos almorzade! Os que non o faciades veredes como melloran as notas e que ben vos sentiredes.

Por se non sabedes que almorzar, a ver que vos parece isto: unha peza de froita, leite ou iogur, cereais (recordade que o pan tamén son cereais) e ...

Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística
Equipo de actividades extraescolares

Saídas escolares

Algunhas persoas opinan que as saídas escolares son unha perda de tempo porque non aprendemos e din que nos atrasamos nos estudos...

En cambio eu opino que as saídas escolares son boas porque son divertidas, aprendemos cousas, axúdannos

a coñecer sitios novos, a convivir cos compañeiros...

Tamén opino que as saídas escolares nos axudan a coidar a natureza porque nos ensinan a non tirar cristais posto que poden incendiar un bosque, non tirar o lixo ao río posto que os animais poden facerse dano.

Javier Eiranova 4º A

A pista

Case todos os nenos de 4º opinan que onde xogamos ao fútbol esta en mal estado, porque se caemos hai pedras e cravámolas no corpo. Eu opino que deberían

facer unha pista nova ou asfaltar a actual, así xogarían mais nenos ao fútbol. Ademais así teríamos marcadas as porterías no chan e a pelota non se mancharía de lama.

Alberto Couce 4º A

Os alumnos da Solaina visitan “O punto limpo”

O 18 de novembro os alumnos de 3º e 4º Curso de “A Solaina” foron en bicicleta a coñecer o punto limpo do polígono do Río do Pozo de Narón. Os nenos e nenas coas bicicletas e cascos saíron ás 10 do colexio. Acompañáronos os policía municipais, garda civil e profesores. Os nenos aprenderon que no Punto Limpo se deixan as cousas que non usa a xente; tamén que algunhas cousas van a



Cerceda para ser soterradas e outras recíclanse.

Volveron ás 11:30 e percorreron 8 km. Os alumnos pasárono moi ben e están dispostos a volver.

Nuria Couto 4º A

A festa do magosto

A semana pasada os nenos do colexio “A Solaina” celebraron a festa do magosto.

Os nenos pasárono moi ben, fixeron xogos, despois foron escoitar unha historia de medo e tomaron as castañas cun batido de chocolate. Despois empezou a chover e subiron todos á súa clase. Sobre as dúas menos cuarto



os nenos colleron un xogo e
ás dúas en punto as nais

fóronos buscar e outros foron
ao comedor.

Tamara 4º A
Ilustración de 3º A

O temporal



O día trinta de Xaneiro non tivemos clase porque avisaron que viña un temporal de vento. Ese día a estrada de Castro estaba cortada polas árbores caídas. Ningún coche podía pasar. A unha casa que non tiña ben amarradas as tellas ao tellado,

caéronlle algunhas ao chan e logo tiveron que poñelas novas. Na miña casa movíanse as cadeiras que estaban no pórche. Facían moito ruído e iso dábame medo. Foi un día no que tiven medo e tamén xoguei moito na casa cos meus irmáns

O Entroido

Bos días! Ímosvos contar o que pasou o día do Entroido.

O día do Entroido, no colexio, mandáronnos vestir de ladróns; despois fomos á clase e estivemos traballando ata que tocou a sirena; baixamos e saímos fóra, ao patio, a tomar orellas e leite; despois de tomar as orellas e beber o leite, fomos xogar un pouco. Ao final queimaron o Meco. Cando se queimou, volvemos á clase, Recollemos os chaquetóns e as mochilas, e fomos para as nosas casas.

Pola tarde houbo outra festa no colexio, pero era da ANPA. Fomos disfrazados do que quixemos. Houbo xogos e moitos nenos xogaron a eles. Tamén houbo un sorteo de varias entradas para o cine. Unha amiga nosa, chamada



Aida, gañou unha entrada nese sorteo.

Logo déronnos una merenda: unha barra de pan, unha tableta de chocolate e auga ou zume.

Despois xogamos e xogamos ata cansarnos.

Ao final viñéronnos buscar os nosos pais.

Pasámolo xenial!

Realizamos a “Ruta de Toledo”

Un grupo de quince nenos e nenas de sexto de Primaria de A Solaina participamos no programa “Escolas Viaxeiras”



Un grupo de quince nenos e nenas de 6º de EP do Colexio de A Solaina participamos este ano no programa “Escolas Viaxeiras” realizando a “Ruta a Toledo”.

É a primeira vez que alumnos/as do colexio participamos nesta actividade promovida pola Xunta de Galicia e que cumpre unha función importante: facilitar a mestres/as e alumnos/as a posibilidade de realizaren múltiples actividades de tipo formativo fóra do medio propiamente escolar e que nos sitúa nun medio diferente ao noso. Todo iso permite unha maior convivencia e cooperación cos/as mestres/as e outros/as compañeiros/as.

Tamén esta actividade facilitounos o contacto con outras zonas e culturas de España. Nesta Ruta coincidimos con alumnos e mestres do CP Valle del Nansa (Cantabria) e do CEIP Cruz Blanca de Aznalcóllar (Sevilla).

RETALLOS

REPORTAXES

Realizamos a viaxe coa nosa titora, María, que solicitou a participación tras consultarnos si estabamos interesados en acudir. A resposta foi un si incondicional. Presentou un proxecto de traballo que fomos desenvolvendo na aula dende a concesión da Ruta ata a nosa viaxe, continuando con actividades relacionadas coa mesma unha vez de regreso ao noso colexio.

“Decidín solicitar participar no programa Escolas Viaxeiras porque me pareceu unha oportunidade extraordinaria para que, de xeito gratuíto, nenos e nenas que están ás portas de irse ao Instituto, coñecesen outras zonas de España e conviviran con outros nenos”, manifestou a nosa titora do curso aos nosos pais na reunión informativa previa á viaxe. “O día que lle comentei aos nenos e nenas que nos concederan a Ruta levamos todos unha gran alegría”, lembra María.

A preparación da viaxe

Case dende o principio todos os/as alumnos/as falabamos a calquera momento de Toledo, de Cervantes... Mesmo dedicamos un recanto da clase para ambientar o que estabamos dispostos a aprender. Para iso, aportamos tanto dende a casa como dende o colexio aquilo que tiña relación coa Ruta.

A viaxe e os sete días de Ruta

Sáímos do colexio con destino a Toledo o día 12 de maio. Os nosos pais estaban contentos pola experiencia que íamos ter, a pesares de que sabían que nos ían botar en falta. Nós íamos tan contentos! A viaxe fíxose longa pero os nervios non nos deixaron moito tempo de aburrimiento .

Chegamos de primeiros ao Albergue de Layos. Eran as 17:00 horas e alí nos presentaron a Pablo, o monitor que nos guiaría durante os sete días de Ruta. Aínda que ao principio custounos adaptarnos, axiña Pablo fixo que coas súas cancións e relatos gozamos cada minuto da nosa estadía. A media tarde chegaron os nenos de Cantabria e Sevilla cos seus mestres, Joaquín e Rocío. Eles fixeron tamén que todo fose estupendo. Tras unha primeira noite de contacto, á mañá seguinte –o día 13 de maio- comezaba realmente a nosa andaina na Rota.



As nosas impresións eran sempre: que fermoso!

No Parque Natural do Borril, espacio protexido, pasamos un dos días máis gratos da estadía ao estar en contacto con animais, coa natureza....

Sen embargo, o máis fermoso da Ruta para nós foi cando visitamos Esquivias, Consuegras e os muíños de vento pois nos situaban no mundo de Cervantes e Don Quixote, pois xa dende Infantil traballamos moito esta historia que é unha lectura fermosísima, tal e como nos contaba a titora. “Na clase falamos moito do Quixote, e

RETALLOS

REPORTAXES

foi moi emocionante visitar os lugares que tantas veces apareceron nas clases de Lingua”, lembra María.

Ese mesmo día foi moi divertido e alegre. Á hora do xantar, na sobremesa ,Julio e Maite bailaron para nós enriba dunha mesa. O baile, mellor bailado incluso que os verdadeiros artistas.



Outro lugar de interese incluía a visita ao Museo Arqueolóxico de Carranque, situándonos nas épocas dos romanos, o que nos resultou moi curioso.

Balance e regreso a Galicia

Sen dúbida, visitar Toledo e coñecer as tres culturas que marcaron o seu futuro é

algo para non esquecer. Pablo ensinounos todos os seus monumentos e en cada lugar sempre nos dicía o típico... FOTOOO!

O máis inesquecible, sen dúbida, foron as noites no albergue: proxeccións sobre temas das outras Comunidades, intercambios de agasallos e a última noite... tocou baile. Foi fantástico!

O día 18 chegou o momento da despedida: choros e apretas co compromiso dun reencontro.

O regreso estivo ben pero cheo de nostalxia polo perdido. Pero os nosos pais estaban agardándonos cos brazos ben abertos. Iso compensábo todo!

O lado humano da Rota

Á marxe da importancia informativa-cultural da Rota, o grupo viviu unha experiencia coma poucas ao coñecer a outras persoas coas que podemos compartir momentos inesquecibles e que, aínda que non se repetirán, sempre quedarán nas nosas lembranzas.

Agora, Messenger, o tuenti, o móbil... permiten manter un contacto puntual con aqueles nenos e nenas de Cantabria e de Sevilla cos que pasamos sete días inesquecibles.



O balance dos nenos e nenas que participamos na Rota

- Sandra:** “Todo foi especial pero sen dúbida o último día, coa festa de baile, non o poderei esquecer”
- Rubén:** “O mellor foi compartir habitación cos nenos de Cantabria e Sevilla e co meu amigo Daniel Teijeiro”.
- Lorena:** “Non esquecerei a Pablo e as súas cancións ...”



“En una noche de mayo, oé,
 cuando la luna brillaba, oé,
 tres ladrones se colaron
 en casa de tía Eulalia, oé, oé, oé.
 ¿A qué venís hijos míos? Oé
 ¿Venís a por la matanza? Oé
 No señora, no señora,
 venimos a asesinarla. Oé, oé, oé.
 La tiraron de los pelos. Oé.
 La tiraron de la faja. Oé.
 Y por si eso fuera poco
 la cortaron en rodajas. Oé, oé, oé.
 Y aquí se acaba la historia, oé
 de la pobre tía Eulalia, oé,
 que murió asesinada
 por defender la matanza, oé, oé, oé.”



- Julio:** “Gustoume moito poder bailar para todos”
- Inés:** “Encantoume coñecer ao monitor e na festa do último día, cando cantamos xuntos e abrazados a canción de “No dudaría”.
- Candela:** “ Emocioneime cando todos choramos”
- Antía:** “A min o que máis me gustou foi coñecer a outros nenos e nenas e tamén novas cousas”.
- Enma:** “ Coñecer ás compañeiras de Cantabria e Sevilla foi estupendo”
- Andrea:** “Gustoume coñecer Toledo”
- Laura López:** “ Coñecer a nenos e nenas de Cantabria e Sevilla agradoume moito polo que o pasei realmente ben”
- Daniel Teijeiro:** “Gustoume visitar o Castelo de Consuegras”.
- Anxo:** “Encantoume o último día polas compras e sobre todo por mercar os agasallos”.
- María:** “Foi o tempo mellor empregado nos últimos meses, non só polo que disfrutamos senon polo vivido”.

RETALLOS**XOGOS POPULARES**

Este curso, como o pasado, seguimos a celebrar as festas do colexio coa organización de xogos populares. A continuación describimos unha selección dos que máis gustaron.



NOME DO XOGO	A oca
NUMERO DE XOGADORES	2 por equipo vestidos da mesma cor
REGRAS	O xogo consiste en pasar todas as casiñas ata chegar á última respectando os movementos e accións que nos indican na ficha do xogo: responder preguntas, camiñar cara atrás ou saltar cara adiante, etc.
DESENVOLVEMENTO	Un xogador de cada equipo fai de ficha e o outro fai de dado que tira na súa quenda. O que fai de ficha móvese polo taboleiro tantas casiñas como indica o dado que tirou o compañeiro.
MATERIAL NECESARIO	2 camisetas ou chalecos da mesma cor para cada membro do equipo de tantas cores coma equipos haxa. Un taboleiro coma o da oca marcado ou pintado no chan.



NOME DO XOGO	A mariola.
NUMERO DE XOGADORES	Tantos xogadores como se queira.
REGRAS	Os xogadores teñen que tirar unha chapa cara as casiñas do taboleiro. Cando a chapa para, comeza a saltar con un pé só ata a casiña onde caeu a chapa. Debe recollelo e volver saltando ata o principio sen pisar na casiña onde caeu a chapa.
DESENVOLVEMENTO	É un xogo individual. Cada xogador/a xoga na súa quenda.
MATERIAL NECESARIO	Unha chapa pequena feita con unha pedra plana e un taboleiro pintado ou marcado no chan.

RETALLOS**XOGOS POPULARES**

NOME DO XOGO	Tres en raia
NUMERO DE XOGADORES	2 equipos de 3 xogadores.
REGRAS	Cada equipo, movéndose por quendas de forma alterna un xogador cada vez ten que tratar de conseguir poñerse sobre unha mesma liña sen que haxa ningún xogador contrario intercalado. Pódese xogar ao mellor de 3, 5, sete, ... partidas.
DESENVOLVEMENTO	Xogase nun taboleiro onde se cruzan as raias con dous equipos que teñen tres fichas da mesma cor. Van movéndose alternativamente, unha ficha de cada cor e o primeiro equipo que logra poñer as tres fichas en liña recta nunha raia é o equipo gañador.
MATERIAL NECESARIO	3 camisetas ou chalecos da mesma cor para cada membro do equipo. Unha cor diferente para cada equipo Un taboleiro cadrado coma o da foto que ilustra o xogo.

RETALLOS**XOGOS POPULARES**

NOME DO XOGO	Carreira de tres pés
NUMERO DE XOGADORES	Varios equipos de 2 xogadores.
REGRAS	Os xogadores agrupados en parellas e situados un a carón do outro amarrarán xuntas as pernas máis próximas (unha de cada xogador). Deberán correr ata chegaren á meta, soltaranse, intercambiarán as súas posicións na parella, ceibaranse e amarraranse outra vez e volverán ao punto de partida.
DESENVOLVEMENTO	Xógase nun lugar chan e sen obstáculos, débese andar en liña recta e procurando non obstaculizar aos outros equipos
MATERIAL NECESARIO	Unha corda curta por equipo e un lugar chan e sen obstáculos onde practicar o xogo.

RETALLOS**XOGOS POPULARES**

NOME DO XOGO	Saltar a corda
NUMERO DE XOGADORES	Tantos xogadores como poida haber ao alcance da corda.
REGRAS	Os xogadores tratan de evitar, saltando, que a corda lles toque, cando isto ocorre o/a xogador/a queda eliminado/a. Xógase nun lugar chan e sen obstáculos.
DESENVOLVEMENTO	Os/as xogadores/as póñense en círculo arredor de quen mova a corda e, cando esta se acerca, saltan para evitaren ser tocados por ela.
MATERIAL NECESARIO	Unha corda longa e un lugar chan e sen obstáculos onde practicar o xogo.

RETALLOS**XOGOS POPULARES**

NOME DO XOGO	A goma
NUMERO DE XOGADORES	Tantos xogadores como coma se queira.
REGRAS	O xogo consiste en dar brincos entre as dúas partes da goma que dous/dúas compañeiros/as manteñen tensa. Por veces hai que saltar a goma, outras veces hai que prendela cos pés, estírala e cruzala, outras veces hai que pisala.
DESENVOLVEMENTO	Para comezar, dous xogadores colócanse un fronte ao outro, mantendo a goma tensa. Suxeitarán a goma con diferentes partes do corpo, a diferentes alturas do chan, tendo as dúas partes da goma paralelas entre si e paralelas ao chan. O terreo de xogo a ser posible será liso. Cando un xogador falla en calquera fase do xogo debe ceder o seu posto ao seguinte; cando volva xogar, empezará na fase na que fallara anteriormente.
MATERIAL NECESARIO	Unha goma elástica de tres ou 4 metros cos dous cabos amarrados.

RETALLOS**XOGOS POPULARES**

NOME DO XOGO	Os birlos
NUMERO DE XOGADORES	Cando menos dous xogadores enfrontados, aínda que poden participar catro ou máis, por parellas ou equipos.
REGRAS	O lanzador ponse no Fite, que está colocado de 3 a 5 metros da Lastra, onde se poñen os birlos e tira a bóla contra eles, tratando de derrubar o maior número posible. Por cada birlo que tira gaña un punto.
DESENVOLVEMENTO	Cada equipo tira na súa quenda e cada xogador intenta tirar o maior número posible de birlos. Hai segundo os lugares diferentes maneiras de contar os puntos, pero, en resumo, gaña o equipo que tira máis birlos.
MATERIAL NECESARIO	Varias bólas de madeira e, cando menos, 7 birlos. Xógase nun lugar chan e liso.


RETALLOS**XOGOS POPULARES**

NOME DO XOGO	O pano
NUMERO DE XOGADORES	Dous equipos co mesmo número de xogadores cada un.
REGRAS	Un neno ou nena encárgase de aguantar o pano e ir chamando aos xogadores por quendas, o xogador que perde en cada quenda queda eliminado. O xogo acábbase cando un equipo lle eliminan todos os xogadores.
DESENVOLVEMENTO	Chámase de cada vez a un xogador de cada equipo que se acercan ao pano e tratan de collelo e volver ao lugar onde está o seu equipo sen seren pillados polo/a xogador/a do equipo contrario.
MATERIAL NECESARIO	Un pano. Un lugar plano e liso.


*Equipo de Dinamización e Normalización lingüística
Equipo de actividades extraescolares*

A Torre de Hércules***HISTORIA:***

A Torre de Hércules é o faro máis antigo aínda en funcionamento. Séculos antes de Cristo existía na baía coruñesa un poboado de orixe celta coñecido como Brigantia no que habitaban os Ártabros. No século II, durante o mandato do emperador romano “Trajano”, constrúese a Torre de Hércules, para guiar os barcos que navegaban ata as Illas Británicas. O autor desta foi o arquitecto Caio Servio Lupo.



A Torre de Hércules perdeu o seu uso marítimo durante a Idade Media ao converterse en fortificación. O arquitecto Amaro Antune construíu una escaleira de madeira que atravesaba as bóvedas ata a parte superior, onde se sitúan dúas pequenas torres para soportar os fanais.



Antes era un corpo prismático con base cadrada. No seu interior conservaba a vella estrutura romana, pero con escaleiras de madeira.

CASTRO DE SANTA TEGRA**INTRODUCCIÓN: Os castros**

Os castros eran os poboamentos nos que vivían os pobos galaicos.


Nestes castros as vivendas estaba dispostas sen orde e non existía unha estrutura de rúas.

As cabanas adoitaban ser de pedra e tiñan unha planta circular.No seu interior atopábase o fogar. Os teitos facíanse con traves de madeira cubertas de palla ou polas.

Tódolos castros estaban rodeados de murallas de pedra. No seu interior resgardábanse as vivendas dos seus habitantes.

Na maioría dos castros acháronse numerosas pezas de cerámica e obxectos metálicos.

Nalgúns destes castros atopáronse construcións de tipo relixioso ou funerario.




CASTRO DE SANTA TEGRA

SITUACIÓN: Atópase situado no extremo suroccidental de Galicia na desembocadura do río Miño, á 341 m de altitude, no municipio da Guarda.

DESCUBRIMENTO: Foi descuberto no ano 1913, con ocasión da apertura dunha estrada á cima do monte. Desde entón a Sociedade Prol-Monte adica todos os seus esforzos a poñer en marcha as primeiras escavacións arqueolóxicas, e divulgar a importancia dun dos primeiros castros coñecidos en Galicia.

DESCRICIÓN: Trátase dun poboado castrexo-romano, delimitado por unha sinxela muralla realizada en cantería trabada con barro, que non sobrepasa os 160 cm de grosor máximo. O sistema de comunicacións no seu interior basease nun camiño de ronda pegado á muralla que arrodea as construcións.

Predominan no seu interior as cabanas circulares, en bastantes casos con vestíbulos, pero testemuñanse construcións de planta oval e cadrada, estas últimas debido ao influxo romano.



As cabanas aséntanse directamente sobre a rocha nai e os seus muros estarían cubertos cun morteiro de cal e area. O seu teito era de forma cónica e recuberto de palla.

Como é lóxico non todas terían o mesmo uso: as vivendas serían aquelas de maiores dimensións, cun vestíbulo, e no centro das mesmas estaría a "lareira". Outras cabanas estarían adicadas a almacéns, no interior destas foi onde se atoparon, restos de ánforas, algún muíño e cantos para tallar.

OS POBOADORES DO CASTRO: Trataríase dun pobo de carácter pacífico, non belicoso, cunha economía agraria pero con certa capacidade adquisitiva e comercial.


A importancia dos cereais na economía desta comunidade queda patente nos numerosos muíños manuais atopados, así coma outros instrumentos agrícolas como aixolas, podóns, fources.... A recollida de froitos silvestres sería outra fonte de recursos.

En relación coa pesca atopáronse algúns restos óseos de peixes e materiais de pesca de bronce e ferro.

A actividade artesanal mais estendida foi a téxtil, testemuñada na gran cantidade de pesas de tear, fusaiolas e agullas de bronce.

A actividade comercial tamén foi de gran importancia. O achado de gran cantidade de restos cerámicos de ánforas confirman este comercio.

RESTOS DUN FORNO SITUADO NUN VESTÍBULO



ACHADOS MATERIAIS: Cabe destacar unha gran cantidade de restos cerámicos,tanto de cerámica indíxena,caracterizados por ter pastas escuras modeladas a man ou cun torno lento,como numerosos restos de cerámica campaniforme,así coma restos de cerámica común romana.

Abundantes foron tamén os achados de anacos de vidro romanos de variadas formas e tonalidades.

Os achados metálicos,pouco abundantes pola acidez do terreo,están presentes en forma de caldeiros, fíbulas de bronce e coitelos.

A orfebrería tamén ten a súa presenza nos remates de torques feitos con chapa de ouro,colgantes de bronce,restos de pulseiras e brazaletes.

Relacionados coa vestimenta atopáronse fíbulas,

A todos estes elementos habela que sumar a desaparecida estatuíña en bronce que representaba un Hércules e que fora atopada a mediados do século XIX.

ESTATUÍÑA DESAPARECIDA





O día 23 de Abril, naceu no medio de contos e libros, unha fada pequerrechiña e ben feitiña á que lle puxeron o nome de Solaina. Vivía na Biblioteca de Narón e pasaba o tempo lendo contos e historias increíbles. Nun dos libros contaban cousas moi interesantes da cidade onde vivía e decidiu saír a descubrilas.



Camiña que te camiña chegou a un lugar que lle chamaban a Praza de Galicia. Púxose moi contenta porque había moitos nenos e nenas xogando e pensou que sería boa idea quedarse un rato a xogar con eles.

Un deses nenos díxolle que él vivía nun sitio que lle chamaban O Couto e que alí había un mosteiro moi antigo e moi bonito. Nin corta nin prezosa, Solaina decidiu achegarse ata O Couto.



Cando alí chegou, quedou impresionada. Era un sitio fermosísimo: o mosteiro rodeado de árbores e co mar o seu carón. Solaina nunca vira o mar, soamente nos libros que tiña na súa biblioteca, e era aínda máis impresionante que nas fotos. Naquel lugar respirábase paz e tranquilidade, así que decidiu tombarse á sombra dunha árbore a descansar e quedou durmida.



Solaina tivo un sono moi bonito: tódalas noites de San Xoán, nun lugar chamado a Pena Molexa, aparece unha fermosa princesa cunha chea de tesouros. A quen pasa por alí pídelle que escolla o tesouro máis prezado. A princesa chora e está triste porque ninguén a escolle a ela. Por iso tódolos 24 de Xuño volve a Pena Molexa esperando ser a elixida.



O espertar entroulle moita fame e decidiu preguntar onde podería comer algo. As xentes do lugar dixéronlle que no muíño de Pedroso facían un pan moi rico. Solaina emprendeu camiño e chegou ó muíño. A verdade é que lle gustou moito o sitio. Explicáronlle como se facía o pan e logo regaláronlle o que ela mesma fixera. Solaina sentouse a beira do río Bello a comer o seu boliño de pan.



Solaina miraba para o río e preguntábase cara onde iría toda esa auga. Así que decidiu ir camiñando río abaixo. O río Bello remataba noutro río máis grande: o río Xubia. Camiña que te camiña chegou ... ó mar! E descubriu un paseo moi bonito no que había moitos nenos e nenas xogando, xente paseando e andando en bicicleta... Era o paseo de Xubia.



Despois de recorrer tantos lugares de Narón, Solaina pensou que xa estaba un pouco cansa de vivir sempre na biblioteca, de ter que falar baixiño e non poder xogar cos nenos e nenas. Así que decidiu buscar outro lugar máis divertido onde puidese xogar con moitos amigos e aprender moitas cousas. O mellor lugar: UN COLE. Ademais podería refuxiarse na súa biblioteca sempre que quixera.

O cole que a fada escolleu, levou dende aquela o nome de CEIP "A Solaina" e contan que na súa biblioteca tódolos 23 de abril suceden cousas extraordinarias.

RETALLOSCOLABORAÇÕES LITERARIAS

Adivinhas 1º A

Um parulo diante de dois parulos,
 um parulo no medio de dois parulos,
 um parulo atrás de dois parulos.
 Quantos parulos son? (R: tres)

Diego, Luis, Lara e Iago (1º A)

Eu sou o mais grande Emperador,
 tenho doze fillos no meu coração,
 e cada um, trinta netos,
 metade brancos e metade negros.

(R: O ano, os meses, os dias e as noites)
 Pablo, Óscar, Malena e Mario (1º A)

Num convento moi rechado,
 que non tena compás nin tocos,
 hai moitas monxinas dentro,
 facendo pastel de flores (R: A colmea)

Andree, Andrés, Antón e Alex (1º A)

Adiviñas 1º A

Alto me vexo,
 Naquel lugarxo,
 que chovea, que neve,
 eu non me queixo. (R: A campá)
 Fran, Sergio F, Helena e Paula (1º A)

Puntas para adiante,
 Ollos para atrás,
 por moitos que penses,
 non a adiveirarás.

(R: As Tesoiras)


Rubén, Jairo, Zeltia e Sergio Genacho (1º A)

No alto vive, no alto mora,
 no alta teca, a tecedora (R: A araña)
 Sergio Soyanes e Borja (1º A)

Éla sen boca e anda sen pes,
 dáche na cara e ti non o ves. (R: O mento)
 Blanca e Claudia (1º A)


O ratiño valente

Érase unha vez un ratiño que se chamaba Tortoliño. Tiña os ollos azuis e un flequillo castaño e gustáballe moito superar obstáculos e tirarlle dos bigotes ao gato mentres durme a sesta.




Había un gato que se chamaba Gatoni e tiña un lazo xigante de cor lila e el era de cor castaña e gustáballe perseguir a todos os ratos da vila.


Pero o gato deuse de conta de que Tortoliño sempre comía o queixo e díxolle: -Eu deixote comer o queixo se despois te como a ti. E Tortoliño dixo: -non.



Pola noite cando Gatoni estaba durmindo Tortoliño entrou polos condutos de ventilación e colleu o queixo e despois foise a Francia



en barco porque así se libraría de Gatoni e cando chegou a Francia púxose a traballar nunha pastelería porque así podía comer mais cruasans porque lle gustaban mais co queixo.



2º A. Conto colectivo

Versión de Ana Hernández Rodríguez

Debuxos de Lucía, Estela, Mateo, Ana e Ariadna.

A P I A E A
R M V R

Cando comenza maio acércase a primavera, as árbores comensan a florecer e os xardíns a enchese de flores de cores vivas e rechamantes e con moita luz.

Os nenos e nenas da Solaina, comensan a facer traballos dos maíos con debuxos variados e murais diferentes.

Comenzamos a despertar da tristura do inverno.

O sol alegranos e nos fai estar máis alegres.

As festas comenzan e as orquestras as alegran.



O BAÑO

A Cabeza de Manzaneda sempre ían moitos turistas. Cando xa estaban na montaña, entráballes ganas de ir ao baño e sempre aparecía un por arte de maxia e, misteriosamente, desaparecían.

Un día chegou a Cabeza de Manzaneda un rapaz louro, vestido coma un hip-hopero. Tiña uns dezasete anos. Chamábase Pablo. El pensaba que era moi guai e non cría a historia do baño, así que saíu a dar un paseo pola montaña.

Despois de levar un anaco andando empezou a ter ganas de ir ao baño, entón atopou un que antes non estaba alí pero el entrou igual e... ¡ZAS!
Desapareceu.



De repente, sen saber como, atopouse no centro da Terra ... pero ... alí non había lava como todo o mundo pensaba. Estaba no medio dunha selva! Daquela mirou na súa PDA e viu que poñía que o pico de Cabeza de Manzaneda se elevara 1'78 metros. Esa era a súa altura! A montaña medraba grazas ás persoas!

Abraiado, botou a andar, un anaco, despois atopou unha ducha e, como estaba suado e todo manchado de terra, meteuse nela e ... Apareceu no baño da súa casa!

Foi real ou foi un sono? Nunca se saberá.

Pero agora estaraste preguntando:

Quen son eu?

Como o sei?

Estou no baño?

Pois son o baño da historia e ... **hoxe irás a min!**

Yago Carballeira. 4º A

CELTIADAS

Os romanos tiñan interese por Galicia, tiñan o presentimento de que había algo. Porque había un rumor que dicía, que quen cruzara o río do Esquecemento, que era o río que estaba na fronteira de Galicia, perdería a memoria. Xa tiñan conquistada toda a península e os romanos non se atrevían a pasar. Ata que un día un aventureiro foi investigar.

Cando chegou o río, fixo pasar a un can, entón un tentáculo o colleu e deixouno sen memoria, pero antes de que o tentáculo desaparecera viu unha cova no fondo do lago. Ao día seguinte fixo que saíra o tentáculo e entón lanzoulle un tapón de pedra enriba, entón, caeu o tentáculo, e tapouse a cova.

Ao día seguinte atacaron Galicia porque sabían que alí había ouro, por iso asediaron a cidade.

Os celtas loitaron en vano xa que os romanos eran máis e escaparon ás covas.

Cando os romanos chegaron ás covas, os celtas estaban a facer un estraño ritual. Como estaban desarmados foron exterminados. Pero cando ían marchar, dos mortos saíron unhas criaturas espectrais que mataron a todos os romanos.

*Adrián Alvariño Do Pico
Ignacio Rey Malde
Adrián Gómez González*

!ZAVAY OS GDSBIO A

Vouvos contar a miña historia. A min encántame facer viaxes, unha vez fixen unha viaxe a unha cidade moi rara.

Cando cheguei, vin a un rato perseguindo a un gato que, á súa vez perseguía un can. Non o puiden crer! Como ia distraída mirando para os animais tiven un accidente e avariouseme o coche. Fun amañalo ao taller e non mo arreglaron, de feito estropeáronmo máis. Á hora de pagar dinlle o diñeiro ao encargado e el devolveume sempre o dobre. E como eu non aceptaba, acusoume de ladrón e leváronme ao calabozo. De repente oín o meu nome. Resistindo a ir entón durmíronme e, cando espertei, atopábame de cruceiro polo Mar Mediterráneo.

Cando volví a terra firme funme dese lugar e á saída vin un cartel que poñía:

**SAIDA DA
CIDADE
AO REVÉS.**

Daquela entendino todo.

"O Símbolo Dos Templarios"

Un día do máis normal no Mosteiro do Couto, no que estaban a reparar un pozo antigo. Os obreiros estaban suxeitos por unha corda vella, e como poderedes imaxinar, caeron ao pozo que, por sorte, estaba baleiro.

Xa no chan do pozo encontraron un pasadizo que os levou ata unha porta na que había un símbolo moi estraño e ao lado do símbolo había unha espada.

Dentro do símbolo había diferentes inscricións que coincidían coa inscrición da espada. Colocaron a espada no seu oco e abriuse outra porta da que saíu un papel no que estaba escrito :

-“Se a seguinte espada queredes encontrar, darlle a volta ao mundo antigo”

Despois de moito pensar ocurriúselles mirar detrás do mapa máis antigo do planeta. Detrás do mapa, encontraron a seguinte pista que os levou por todo o mundo.


A seguinte espada encontrárona en China, a terceira en Alemaña, a cuarta en Roma, a quinta en Australia e a sexta en Brasil. Ao final encontraron o tesouro co símbolo dos Templarios.

Xulián e Rosa

Había unha vez un neno chamado Xulián e unha nena chamada Rosa. Os dous gustábanse mutuamente. O malo era que os seus pais non estaban de acordo co seu amor, porque os seus pais tiveran disputas entre eles. Pasado un tempo, xa eran adultos, e, decidiron escaparse para así poder casar e ter fillos, pero eles non sabían que o mellor amigo do pai de Rosa estivera escoitando toda a conversa, entón decidiu ir a informalo de inmediato. O pai, estaba moi enfadado, e, tras barallar varios posibles castigos para súa filla, decidiu cerrala nunca torre hasta que asentara a cabeza. Un día, Rosa, oíu un ruído que procedía de fora, e asomouse pola ventá e viu a Xulián intentando escalar a torre, Rosa púxose moi contenta, pero tras varios días, viu que a cousa non funcionara, Xulián intentarao todo; Construíra unha escaleira xigantesca, construíra un foguete ... e máis cousas.

O pai de Rosa, que o estivera vixiando, deuse conta de que Xulián, amaba de verdade á súa filla, e decidiu deixala libre e que casaran.

Pero a felicidade non durou moito, pasados 2 meses despois da voda, encontraron a muller morta no alto dun campanario, é, ao home aforcado na igrexa de Santa Icíá, todos din que a muller converteuse nunha rosa e o home din que vai vagando polo mundo, en busca dun corpo onde residir, e, cando sopra o vento óense os seus lamentos.



Laura Vigo Caruncho.6ªA

RETALLOS**6º A. Curso 2008-2009**

Aproveitamos este número de **RETALLOS** para despedir aos alumnos de sexto, que xa marchan para o Instituto: **Boa sorte 6º A!**



Fila de atrás

Adrián Caridad, Alberto, Manoli, Ignacio, Adrián Gómez, Asun,
Victor, Amalia, Fina, Saray

Fila do medio

Joel, Silvia, M^a, Sara Icíá, M^a Carmen, Raquel, Ana M^a

Fila de diante

Vanesa, Sara, Laura, Carlos, Luis Adrián, Esteban, Uxía

Boa sorte 6º B!**Fila de atrás**

María, Laura Montero, Daniel Teijeiro, Laura López, Inés, Antía,
Sandra, Uxía, Julia, Juan

Fila do medio

Julio, Daniel López, Andrea, Lorena, Candela, Enma, Marcos,
Anxo

Fila de diante

Laura Díaz, Rubén, Javier, Jöel, Jonathan

Unha derradeira información: Os nomes impresos na portada e contraportada do xornal son os dos nenos e nenas de sexto, que queden aí coma una derradeira homenaxe de despedida.
Ata o vindeiro número, o ano que vén.

VICTOR

LUIS ADRIÁN

ALBERTO

SILVIA

UXÍA

ADRIÁN CARIDAD

IRENE

VANESA

SARA ICÍA

ANA MARÍA

ESTEBAN

CARLOS

MARÍA

RAQUEL

ADRIÁN GÓMEZ

SARA

SARAY

LAURA

JÖEL

IGNACIO

Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística
Equipo de actividades extraescolares

MANUEL